

II Certame de Debate

alemán - francés - inglés - italiano - portugués

18 de marzo de 2016

BASES

Idiomas e temas do certame:

Serán obxecto de debate os temas do currículo das escolas oficiais de idiomas. As linguas coas que se poderá participar son: alemán, francés, inglés, italiano e portugués. A actividade está orientada a persoas que estean estudando ou teñan o nivel B2.

Os temas concretos obxecto de debate revelaranse o día 15 ás 20:00 horas.

Quen e como pode participar:

Equipos formados por dúas persoas matriculadas nunha EOI no curso 2015-2016. Poderán estar acompañadas por un(ha) docente do centro no que están matriculadas para que os represente.

Inscrición:

Ata o 15 de marzo ás 14:00 horas, as persoas que desexen participar encherán o formulario de inscrición na web www.eoivga.org

O 15 de marzo ás 20:00 horas, logo de comprobar o número de participantes en cada lingua, confirmarase todas as horas das roldas do certame.

Data e lugar de celebración:

18 de marzo de 2016 na sede da Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía de Arousa.

Desenvolvemento do certame:

Inmediatamente antes de cada rolda de debate, determinarase mediante sorteo qué equipo argumenta a favor e cal en contra. A continuación sortearase o tema.

Os equipos disporán de 10 minutos para preparar o tema antes de comezar o debate. Poderán empregar un dicionario papel ou electrónico.

Fase de debate:

3 minutos por intervención, 1 orador por parella, comeza a parella que defende a liña argumental a favor.

- EXPOSICIÓN INICIAL: Exposición das liñas argumentais.
- PRIMEIRA REFUTACIÓN: Refutación da liña argumental contraria e reforzo da propia presentando argumentos, exemplos, citas, contra argumentos, e demais recursos.
- SEGUNDA REFUTACIÓN: Continúa a defensa de cada liña podendo aportar datos ou argumentos novos.
- CONCLUSIÓN: resumo persuasivo do debate, sen aportar novos datos ou argumentos.

Empregarase en todo momento un vocabulario adecuado para refutar ou confirmar as ideas.

Calquera alteración da conversa normal (interrupcións inadecuadas, xesticulación impropia, ton impropio, faltas de respecto, etc.) será comunicada ao final do debate e penalizada.

Cada persoa debe intervir en dúas das quendas, independentemente da orde en que o faga.

Avaliación dos participantes:

O xurado terá en conta os seguintes parámetros:

- CREATIVIDADE: Ideas expostas de forma novidosa e orixinal.
- COHERENCIA LÓXICA: Unidade e secuencia na presentación das ideas.
- XUIZO CRÍTICO: Presentación con seguridade e convencemento.
- FLUIDEZ VERBAL: Fluidez e riqueza de vocabulario (termos apropiados, sinónimos, equivalentes).
- RITMO/ENTONACIÓN: Naturalidade e énfase necesarios, de acordo coa natureza da mensaxe.
- RECURSOS NON VERBAIS: Mirada, xestos, movementos corporais.
- ACTITUDE DE RESPECTO: Aceptación das críticas e resposta con moderación e seguridade.

A avaliación farase en función da capacidade de argumentación e as condicións para o debate que demostre cada parella, así como a capacidade para persuadir ao auditorio.

O xurado poderá determinar os resultados por consenso a partir dos indicadores previstos ou por voto matemático.

Comité de competición:

Encargarase de resolver os conflitos que poidan xurdir.

A súa decisión será definitiva e inapelable.

A participación na actividade implica:

A autorización á toma de imaxes e/ou son dos participantes durante o desenvolvemento do certame, así como o seu uso para a divulgación da actividade.

A aceptación das presentes bases.

